

5º CICLO

MONÓLOGOS

**NEGREIRA
OUT. 2017**

..... Auditorio Centro Sociocultural



venres

6 out.-21:30 h.

Lois Pérez



venres

13 out.-21:30 h.

Pepo Suevos



venres

20 out.-21:30 h.

Xosé A. Touriñán



venres

27 out.-21:30 h.

Pedro Brandariz

Entrada Xeral: 5 € - Xosé A. Touriñán: 10 € - Retirada de tickets a partir dos lúns anteriores a cada función.

LOIS PEREZ

Lois Pérez é contrabandista de historias e narrador oral, humorista, cronista de rock and roll, poeta e dramaturgo. Comenzou a contar subido a unha caixa de cervexa e actuou en escolas de idiomas, institutos, universidades, presentacións de novelas, teatros, bares, cárceres, museos, feiras do libro e demais antros de perdición e desenfreno. No seu contar conflúen a tradición oral, o humor, a gargallada, as historias que escoitou, a narración, o rock, a alta literatura, as baixas paisóns (que a veces son as máis altas!) e, si ten o día, incluso poesía. Como Alberti, Lois Pérez anda confundido: non sabe si rascar o reloxo ou darlle corda o cú. Venceremos, pero no sabemos cando!

"Historias da Fronteira"

É unha proposta sen fronteiras que ten un pé no humor e outro na tradición oral, pero tamén na gargallada, na literatura e nas historias da Raia mollada (e da seca!). Decía Miguel Torga que vivir consiste en non coller no berce en que naceu o corpo, e cruzar todas as fronteiras unha a unha ata morrer sen ningunha. E se de paso colocaches un par de paquetes de Café Sical, mellor!

Ficha artística

Dirección e creación: Lois Pérez

Elenco: Lois Pérez

Técnica teatral: Monólogo-Narración Oral

Duración do espectáculo: **50 minutos**

Público: **Adulto**



CICLO
DE
MONÓLOGOS

NEGREIRA
2017

LOIS
PEREZ



PEPO SUEVOS

Un tipo con máis dun milleiro de monólogos ás súas costas é, ante todo, un tipo con experiencia. Un animal do humor en directo, disposto a arrasar o escenario que colla por diante, sexa dun bar, ou auditorio ou sexa o palco dunha orquestra. Pepo é ademais de monologuista un fantástico actor, animador, dobrador, guionista e incluso locutor de radio. Nos últimos anos ten participado en proxectos a nivel estatal como Piratas ou Aquí paz y después gloria (unha serie protagonizada por Antonio Resines), e en Galicia formou parte de Mareas Vivas, Terra de Miranda, Caseiros, Pazo de Familia ou Matalobos.

Na actualidade forma parte do elenco da peza teatral O Tolleito de Inishmaan, que xira por toda Galicia.

E é que o seu é o directo! Encántalle actuar en calquera bar ou local, onde conta historias ata que o público aguante. Un auténtico todoterreo do humor disposto a calquera cousa para facer gozar aos seus espectadores.

"Contos"

O polifacetico Pepo, contanos historias do día a día, moitas veces baseados en vivencias propias e outras inventadas.

Unha hora de gargalladas e reflexions que faran que o público presente, pase unha noite de moito humor.....

Ficha artística

Dirección: Pepo Suevos

Elenco: Pepo Suevos

Técnica teatral: Monólogo

Duración do espectáculo: **70 minutos**

Público: **Adulto**



CICLO
DE
MONÓLOGOS

NEGREIRA
2017

PEPO
SUEVOS

XOSE A. TOURIÑAN

Todo o mundo o recoñece como Mucha, do dúo As Cantareiras de Ardebullo que formou co seu amigo Marcos Pereiro. Desde entón, pasou pola televisión con Padre Casares , Air Galicia e Tourilandia, e levou o seu humor por toda Galicia co ciclo de monólogos R e con Manolo Lojo. Na actualidade, traballo no Land Rober e en Era Visto!, interpretou a Santi do Monólogo do Imbécil e xirou por todo o país co espectáculo cómico Curtis & Teixeira.

"Manolo Lojo"

A vida de Manolo Lojo non foi doada... Logo de nacer con algún tempo de antelación viviu unha traumática infancia, que derivou en outros tantos problemas, ata que comezou a recibir unha paga por tonto. Perdeu a todos os seus irmáns, comezou unha vida de vicios nada recomendables, e un día soubo que tiña un tío empresario en Arxentina, se cadra disposto a solucionarlle a vida. Pero todo pode ir a peor, como comenta Manolo neste monólogo, o primeiro da carreira de Xosé A. Touriñán en solitario, estreado hai xa máis dunha década. Agora percorre os teatros e auditorios de Galicia enchendo en cada unha das funcións, disposto a contar a trágica biografía dun home moi, moi peculiar.

Ficha artística

Dirección e creación: Xosé A. Touriñán
Técnica teatral: Monólogo
Duración do espectáculo: **70 minutos**
Público: **Adulto.**



CICLO
DE
MONÓLOGOS

NEGREIRA
2017

XOSE A.
TOURIÑAN

PEDRO BRANDARIZ

Pedro Brandariz leva media vida subida aos escenarios, ofrecendo monólogos por todo canto recuncho da xeografía galega e española hai. Mais detrás deste gran contador, hai unha ampla formación teatral. Brandariz procede do mundo do clown, aínda que tamén traballou en compañías escénicas de corte máis clásico e de teatro infantil. Na actualidade forma parte das compañías Os Sete Magníficos máis Un, DINAMOteatro, Teatro do Astracán ou Manicómicos. Deixou, ademais, a súa pegada noutras formacións: Desaqueouloutradas, Dous son Compañía ou Clowntacontos contaron habitualmente con Brandariz nas súas montaxes.

E coñecido tamén polo súa aparición no Programa da TVG "Luar", onde xunto o seu compañeiro Fran Rei, formaron un dúo cómico durante varios anos.

"Familia, non gracias!!"

A Familia! Esa cousa. No monólogo analízase, dende unha perspectiva irónica, as relacións familiares que se dan entre fillos e fillas, nais e pais, avós e avoas, entre irmáns, cos curmáns, coa tía aquela que nin o seu nome lembramos... Todo un nobelo inmenso que vai desenfiando Brandariz co seu característico ollo clínico de gran monologuista.

Ficha artística

Dirección: Pedro Brandariz

Elenco: Pedro Brandariz

Técnica teatral: Monologo

Duración do espectáculo: **75 minutos**

Público: **+16 anos**



CICLO
DE
MONÓLOGOS

NEGREIRA
2017

PEDRO
BRANDARIZ



CONCELLO DE
NEGREIRA

#OutonoCultural17